

PROBLEMAS NA TRAMITACIÓN DOS PARTES DE ACCIDENTE DE TRABAJO

28 de abril de 2017

«Día Mundial da Seguridade e Saúde no Traballo»



CONTIDO:

- A tramitación dos partes de accidente de traballo (PAT). **Normativa de referencia.**
- A tramitación dos PAT desde a perspectiva da Autoridade Laboral. **Dificultades e erros detectados.**
- **Mecanismo de mellora de comunicación das EGC e a Autoridade Laboral. Mecanismos para a resolución de dúbidas.** Colaboración co Servizo de Estatísticas laborais do Ministerio de Emprego para fixar os criterios de interpretación e mellorar a Guía de tramitación.

Normativa de referencia

- **Orde de 16 de decembro 1987 do Ministerio Traballo e Seguridade Social (BOE, 29 decembro 1987).** Establece modelos para notificación de accidentes de traballo e dita instrucións para a súa cumprimentación e tramitación.
- **Orde TAS/2926/2002, do 19 de novembro (BOE, 21 novembro 2002).** Pola que se establecen novos modelos para a notificación dos accidentes de traballo e se posibilita a súa transmisión por procedemento electrónico.
- **Resolución da Subsecretaría de Traballo e Asuntos Sociais de 26 de novembro de 2002 (BOE, 19 decembro 2002).** Pola que se regula a utilización do Sistema de Declaración Electrónica de Accidentes de Traballo (Delt@).

Normativa de referencia

- Coma antecedente temos a [Orde de 13 de outubro de 1967](#) en cuxos **art.º 21** (Notificación dos accidentes de traballo) e **art.º 22** (Notificación das enfermidades profesionais) se establecían os intervenientes, forma, documentos, datos e prazos da comunicación de accidentes laborais e enfermidades profesionais.
- Agás no caso do **aptdo. 3 do art.º 22**, **estes dous artigos están derogados**, referíndose **o aпто. 3 do art.22** (no que non está derogado na práctica), á posibilidade de que a ITSS actúe por orde ou a iniciativa propia nos casos de enfermidades profesionais.

Normativa de referencia

Na Orde de 16 de decembro 1987 no seu **art.º 1.1** establécense os modelos oficiais dos seguintes documentos:

- Parte de accidente de traballo.
- Relación de accidentes de traballo acontecidos sen baixa médica.
- Relación de altas ou falecementos de accidentados.

No **art.º 1.2**, indícanse os destinatarios dos modelos e a copia que corresponde a cada un deles. Esta orde foi actualizada, en canto aos modelos anexos, pola [Orde TAS/2926/2002, do 19 de novembro](#)

Normativa de referencia

A tramitación dos partes débese realizar nuns [Prazos](#) determinados que se indican nos **art.º 3 e 4**. No **art.º 4** ademais, indícase a obriga da E.X.C. de corrixir os erros encontrados ao cubrir o parte e se non puidese, devolverllos á empresa para que o faga. Unha vez estean correctamente cubertos ou emendados os erros, os partes teñen que ser enviados á Autoridade Laboral.

No **art.º 6**, establece que nos casos de **accidentes** acontecidos nun *Centro de Traballo ou en desprazamento*, **graves, moi graves ou mortais** ou que **no Centro afectasen a máis de catro traballadores** se debe realizar, ademais do a cumprimentación do parte de accidente, unha **comunicación urxente** en [prazo](#) á Autoridade Laboral Provincial, sendo avisada a I.T.S.S. e os Órganos Técnicos competentes das Comunidades Autónomas.

Normativa de referencia

Na Orde TAS/2926/2002 no seu art.º 1 establécense os novos modelos oficiais dos seguintes documentos:

- **Parte de Accidente de Trabajo (PAT) -Con Baixa-.**
- **Relación de accidentes de trabajo acontecidos (RATSB) -Sen baixa médica-.**
- **Relación de Altas e Falecementos.**

No texto do **art.º 2** dise que a cumprimentación e transmisión destes modelos se poderán realizar ademais por medios electrónicos, utilizando para iso o Sistema de Declaración Electrónica de Accidentes de Trabajo ([Delt@](#))

Normativa de referencia

Os documentos que se notifican a través do sistema son os tres indicados anteriormente: **PAT-CB-**, **Relación ATSB** e **Relación de Altas e Falecementos**, podendo utilizarse o **Delt@** para as **Comunicacións Urxentes** de accidente de traballo como se di no art.º 3.

Segundo a Disposición adicional primeira da Orde, o **ademais** do art.º 2, só será durante un ano dende a entrada en vigor desta (o 1 de xaneiro de 2003 segundo a **Disposición final segunda**), a partir do cal **só poderá efectuarse** por medios electrónicos a tramitación dos tres modelos oficiais do art.º 1, a través da aplicación informática Delt@.

Normativa de referencia

Resumo dos prazos:

- **Envío do parte de accidente de traballo con baixa á E.X.C.:** no prazo máximo de cinco días hábiles, contados dende a data en que se produciu o accidente ou dende a data da baixa médica.
- **Envío da relación de accidentes de traballo sen baixa á E.X.C.:** nos cinco primeiros días hábiles do mes seguinte ao que se refiren os datos.
- **Envío da relación de altas ou falecementos de accidentados:** antes do día 10 do mes seguinte ao de referencia dos datos.
- **Envío pola E.X.C. dos partes de accidente á Autoridade Laboral:** Se a Entidade Xestora ou Colaboradora non puidese emendar os erros advertidos na cumprimentación dos modelos recibidos, os devolverá á Empresa para que no prazo máximo de cinco días hábiles lle séxan remitidos debidamente cubertos. A E.X.C. os presentará á A.L.P. no prazo máximo de dez días hábiles dende a recepción dos modelos, correctamente cubertos ou emendados por ela.
- **Comunicación Urxente:** no prazo máximo de vinte e catro horas.

CONTIDO:

- A tramitación dos partes de accidente de traballo (PAT). Normativa de referencia.
- A tramitación dos PAT desde a perspectiva da Autoridade Laboral. **Dificultades e erros detectados.**
- Mecanismo de mellora de comunicación das EGC e a Autoridade Laboral. Mecanismos para a resolución de dúbidas. Colaboración co Servizo de Estatísticas laborais do Ministerio de Emprego e Seguridade Social para fixar os criterios de interpretación e mellorar a Guía de tramitación.

Dificultades e erros detectados

A xeito de continuación co **tema dos prazos**, indicar que é fácil detectar que certa porcentaxe dos partes de accidente tardan en ser validados mais do que indican os prazos do proceso. **Como exemplo** unha análise realizada en xaneiro do 2014 con datos do ano 2012 en que se mediu **o tempo entre a presentación dos partes e a súa aceptación pola E.X.C.** Sobre 27.375 accidentes e recaídas as porcentaxes principais expóñense na táboa seguinte:

(Suliñar que un 1% son aproximadamente 274 partes)

Dificultades e erros detectados

Días	Frecuencia	Porcentaxe válido %	Porcentaxe acumulado %
0	626	2,3	2,3
1	2962	10,8	13,1
2	6454	23,6	36,7
3	2595	9,5	46,2
4	4535	16,6	62,7
5	2796	10,2	72,9
6	2047	7,5	80,4
7	1567	5,7	86,1
8	795	2,9	89,0
9	409	1,5	90,5
10	324	1,2	91,7
11	253	,9	92,7
12	291	1,1	93,7
13	236	,9	94,6
14	225	,8	95,4
15	142	,5	95,9
16	86	,3	96,2
17	94	,3	96,6
18	76	,3	96,9
19	78	,3	97,1
20	88	,3	97,5
21	81	,3	97,8
22	32	,1	97,9
23	32	,1	98,0
24	58	,2	98,2
25	34	,1	98,3
26	37	,1	98,5
27	30	,1	98,6
28	45	,2	98,7
29	29	,1	98,8
30	13	,0	98,9
31	16	,1	98,9
32	12	,0	99,0

Dificultades e erros detectados

Como indicativo de como na tramitación dos partes pódese producir un pescozo de botella, sacáronse datos de partes tramitados con **data de baixa no 2014** e extraéronse datos sobre o número e intervintes:

- **27.942** Accidentes e recaídas.
- Empresas (CIF-NIF): **11.000**
- Xestorías: ?
- E.X.C: **24**
- ALP: **4**

Hai que ter moi presente que o traballo da tramitación dos partes anteriores é superior á lectura e comprobación dos partes indicados, xa que as devolucións son frecuentes e que hai partes que son devoltos máis dunha vez (xa que non se corrixiron os erros que se indican).


Dificultades e erros detectados

Nos partes con baixa do ano 2014 do exemplo anterior (27.942 accidentes e recaídas) **non se atoparon**, por non comunicación, comunicación noutra provincia, ou por erros nos datos (prácticamente todos por erros nas datas), **1.631 altas.**

A continuación se representa o camiño de ida (e de volta) na tramitación dos partes.


Dificultades e erros detectados

TRAMITACIÓN DOS PATs: Camiño de Ida



Dificultades e erros detectados

TRAMITACIÓN DOS PATs: Camiño de Volta



Dificultades e erros detectados

Nas **Relacións de partes de accidentes sen baixa**, encontraróñse erros na tramitación, pero ao ter menos número de variables son máis doados de atopar.

Un erro bastante frecuente é que aparezan accidentes de meses anteriores ao da relación.

As Relacións de partes accidentes sen baixa, cuantificaron un total **no ano 2014** de 39.476 accidentes por 27.942 accidentes e recaídas con baixa.

Dificultades e erros detectados

Antes de introducirmos ao detalle das seccións dos partes de accidente (**centrarémonos nos partes con baixa**), falaremos do problema da infra-cualificación dos partes de accidente e de un problema detectado que dificulta ao tempo en que se tarda en validar os PAT.

Utilizaremos coma **exemplo da calidade dos partes** (neste caso sobre a cualificación da gravidade dos mesmos) o comentado na sección “El dato del mes” da publicación do INSHT [Erga@nline número 134](#). Na gráfica seguinte móstranse as porcentaxes de accidentes cualificados coma leves entre os anos 2003 e 2011 no sistema Delt@ de: **fracturas** de brazo, **fracturas** de perna, **amputacións** de brazo ou man, **amputacións** de perna ou pé.

Dificultades e erros detectados




Figura 1. Porcentaje de accidentes de trabajo presuntamente graves que fueron calificados como leves

Dificultades e erros detectados

Este problema, un dos que afectan a calidade da información contida nos PAT, xa foi obxecto de queixa noutras partes do estado, en particular en Andalucía produciu unha resolución do defensor do pobo andaluz respecto da infra-cualificación dos PAT:


Resolución del Defensor del Pueblo Andaluz formulada en la [queja 11/4776 dirigida a Consejería de Empleo, Dirección General de Seguridad y Salud Laboral](#). Relativa a: Investigación de accidentes de trabajo calificados como leves.

Dificultades e erros detectados

Desde hai varios anos, o Issga en colaboración coas Mutuas (**non todas e non en todos os casos**) esforzouse en que esta infra-cualificación diminúa en Galicia, tanto para que os partes de accidente reflictan a realidade da gravidade das lesións, como as implicacións que poidan ter na prevención e investigación de accidentes de maior gravidade ca leves.


Agás no grupo I (fracturas de brazo) en que a mellora é moi leve, nos demais grupos de lesións estudados a mellora é importante. Pero con máis colaboración das EGC, os resultados serían mellores.

Dificuldades e erros detectados



Dificultades e erros detectados

O problema citado antes, que non afecta nun primeiro momento á calidade pero o a longo prazo se lle pode afectar; e desde logo prexudica o bo funcionamento da tramitación, é o problema do "rebote" de partes en que son devoltos sen corrixir os erros detectados, sen corrixir todos, ou correxindo uns e producindo outros novos.



Dificultades e erros detectados

Outra situación que tamén é frecuente que se de, é que o parte unha vez devolto á empresa para a súa corrección, tarde moito en volver ou simplemente non volva.



Dificultades e erros detectados

A falta de exactitude nos datos dos PATs referidos ao accidente, que se comentan a continuación segundo as seccións que compoñen o PAT, **foron queixa** tanto de técnicos que investigan os accidentes, que comprobaron sobre o terreo que as características do accidente non eran as que o PAT reflectía, como daqueles que realizaron teses de investigación universitaria que utilizaron datos (cumprindo a Lei 15/1999 do 13 de decembro) dos PAT.

Dificultades e erros detectados

SECCIÓN DO PAT

- 1- Datos do/a traballador/a.
- 2- Empresa (Centro de traballo).
- 3- Lugar do accidente.
- 4- Accidente.
- 5- Asistenciais.
- 6- Económicos.



Dificultades e erros detectados

SECCIÓNS DO PAT

1- Datos do/a traballador/a:

- Erros en nome e apelidos, según o parte temos unha u outra versión do nome.
- Algúns partes con erro na data de nacemento. Difícil ter un accidente laboral a idades moi temperás.
- De cando en vez algún parte con erro na indicación do sexo.
- A dirección do traballador é importante en algún accidentes que veña correcta, p. ex.: nos *in itinere*.

Dificultades e erros detectados

SECCIÓNS DO PAT

2- Empresa (Centro) en que o traballador/a está dado/a de alta na Seg. Social:

- Unha mesma razón social poder vir de maneiras distintas.
- Os datos do domicilio correspondentes a esa conta, as veces veñen con erros (de vez en cando a dirección é de fora de Galicia).
- Os CNAE indicados frecuentemente cáusannos dúbidas xa que non parecen ter moita relación coa actividade da empresa e/ou co CNAE para a cotización AT/EP do traballador.

Dificultades e erros detectados

SECCIÓNS DO PAT

2- Empresa (Centro) en que o traballador/a está dado/a de alta na Seg. Social:

- Con certa frecuencia a indicación de contrata ou subcontrata vén coma non, tendo evidencias de que a empresa está a actuar como tal.
- Poñer o persoal correspondente á Conta de Cotización a miúdo é un problema, xa que é un dato que non se adoita coñecer e recórrese á declarada na TGSS.

Dificultades e erros detectados

SECCIÓNS DO PAT

3- Lugar do accidente:

- Cumprimentar correctamente o epígrafe *Lugar* demostrouse na práctica como o que maior dificultade presenta. Conscientes diso, foi un dos que maior interese tivemos en que se explicase nas elaboracións das Guías de cumplimentación.
- A miúdo relacionado co anterior, conseguir que veñan correctamente cubertos os *Datos do centro* leva moito traballo, ao ser algunha/s E.X.C. **pouco colaborativas**.

Dificultades e erros detectados

SECCIÓNS DO PAT

4- Accidente: (o problema das variables técnicas do accidente)

- Descrición do accidente:

La descripción debe hacerse de forma exhaustiva indicando de manera secuencial: el lugar en que estaba el trabajador accidentado, qué estaba haciendo, cómo se produjo el accidente, agentes materiales asociados a cada una de las fases del accidente y cuáles fueron las consecuencias del mismo. Debe evitarse incluir datos personales en esta descripción.

La longitud máxima que se admite para esta descripción es de 500 caracteres.

- ❖ Séguennos chegando descripciones do accidente tan descritivas como:
"escorregou e caeuse".

Dificultades e erros detectados

SECCIÓNS DO PAT

4- Accidente: (o problema das variables técnicas do accidente)

Variables técnicas

- ❖ Lugar do accidente.
- ❖ Tipo de traballo.
- ❖ Actividade física específica.
- ❖ Axente material asociado (Actividade, Desviación, Causante da lesión)
- ❖ Forma de contacto

E a falta de concordancia entre dous ou mais destas variables.

Dificultades e erros detectados

SECCIÓN DO PAT

4- Accidente: (o problema das variables técnicas do accidente)

Variables técnicas

- ❖ Nas variables segue habendo unha notable falta de precisión en canto se baixa do primeiro dígito da codificación (abundancia dos códigos terminados en 9).
- ❖ O caso dos **axentes causantes** é peor, xa que son moitos e parece que non se entenden, agás o caso de tractores, motosierras, e aínda estes con dificultades.
- ❖ O problema destas variables na práctica, parece indicar que deberían ser codificadas por aqueles encargados da prevención nas empresas.

Dificultades e erros detectados

SECCIÓNS DO PAT

5- Asistenciais.

- O problema da **valoración** á baixa **da gravidade** dos accidentes xa foi comentada ao principio desta sección.
- En canto á variable *Descripción de la lesión*, **entre os problemas detectados de mala codificación**, está o exceso de códigos terminados en 9 (cando na maioría dos casos pódese concretar máis), falta de concordancia con outros (por exemplo 90 de forma de contacto e non ser 130 a forma de lesión), e a mala utilización do código 52 (lesións internas) con danos en partes do que non son as que se refire o código.

Dificultades e erros detectados

SECCIÓNS DO PAT

5- Asistenciais.

Outros problemas detectados:

- Cambio da lesión do accidente á recaída: unha lesión superficial pode converterse nunha fractura pechada.
- Queimaduras (con hospitalización) cualificadas coma “leves”.
- Falta de coincidencia entre a lesión indicada no diagnóstico da alta e a descripción da lesión do PAT.

Dificultades e erros detectados

Análise de frecuencias

- A continuación unha simple análise dun par de variables técnicas coma son: **Forma de Contacto** e **Descrición da lesión**. Os datos son do 2010 e corresponden todos a unha mesma Mutua; a análise foi no 2012.
- Pódese facer, se é preciso, o cruzamento con máis dunha variable, coma no caso de Lesión-gravidade.
- **Serve de exemplo** de onde se estaba, o traballo que custou chegar ata aquí e o que queda por mellorar.
- Esa Mutua en particular mellorou a súa tramitación (era das mellores e agora é das mellores) pero con outras, **a día de hoxe**, seguimos tendo moitas dificultades.

Dificultades e erros detectados

Análise de frecuencias

- En primeiro lugar móstrase a táboa na que aparece codificada a **Forma** en que o accidente provocou a lesión do traballador, sendo os códigos imprescindibles para sacar estatísticas.
- Aínda que as porcentaxes dos códigos que non nos din nada do accidente (00- Ningunha información, 99- Outros tipos) non parecen moito: 1,8% no primeiro caso e 1,9% no segundo, se que baixan a calidade dos datos da forma en que se produciu en accidente, máis se temos en conta que dentro de cada grupo os códigos terminados en 9 indican que se considera que son accidentes doutro tipo de contacto do mesmo grupo.

Dificultades e erros detectados

Análise de frecuencias

Código	Frecuencia	Porcentaxe	Porcentaxe acumulada					
0	148	1,8	1,8	Outros contactos (Sen información)				
11	4	0	1,8	Contacto cun arco eléctrico ou raio (pasivo) (sen contacto material co elemento)				
12	11	0,1	2	Contacto directo ou indirecto coa electricidade, recibir unha descarga eléctrica				
13	92	1,1	3,1	Contacto con lapas directas ou obxectos ou entornos con elevada temperatura				
14	9	0,1	3,2	Contacto con obxeto ou entorno frio ou xelado				
15	3	0	3,2	Contacto con sustancias perigosas a través da nariz ou boca por inhalación				
16	96	1,2	4,4	Contacto con sustancias perigosas a través da pel e dos ollos				
19	37	0,5	4,9	Outro contacto coñecido do grupo 1 non mencionado anteriormente				
21	2	0	4,9	Afogamento nun líquido				
22	1	0	4,9	Quedar sepultado baixo un sólido				
23	9	0,1	5	Envolto por, rodeado de gases ou de partículas en suspensión				
29	5	0,1	5,1	Outro contacto coñecido do grupo 2 non mencionado anteriormente				
31	1421	17,3	22,4	Golpe sobre ou contra resultado dunha caída do traballador				
32	763	9,3	31,7	Golpe resultado dun tropezado sobre ou contra un obxeto inmóvil				
39	235	2,9	34,5	Outro contacto coñecido do grupo 3 non mencionado anteriormente				

Dificultades e erros detectados

Análise de frecuencias

41	223	2,7	37,2	Choque ou golpe contra un obxeto ou fragmentos proxectados
42	549	6,7	43,9	Choque ou golpe contra un obxeto que se cae ou se desprende
43	210	2,6	46,5	Choque ou golpe contra un obxeto en balanceo ou xiro
44	342	4,2	50,6	Choque ou golpe contra un obxeto, incluídos os vehículos - traballador inmóvil
45	438	5,3	56	Colisión cun obxeto, vehículo ou persoa - traballador en movemento
46	31	0,4	56,3	Golpe de mar
49	152	1,8	58,2	Outro contacto coñecido do grupo 4 non mencionado anteriormente
51	505	6,1	64,3	Contacto cun axente material cortante - coitelo, folla, etc.
52	129	1,6	65,9	Contacto con axente material punzante - cravo, ferramenta afiada, etc.
53	48	0,6	66,5	Contacto con axente material que araíña - rallador, lixa, taboa, etc.
59	189	2,3	68,8	Outro contacto coñecido do grupo 5 non mencionado anteriormente
61	57	0,7	69,5	Quedar atrapado, se aplastado - en algo en movemento
62	46	0,6	70	Quedar atrapado, ser aplastado - baixo algo en movemento
63	152	1,8	71,9	Quedar atrapado, quedar aplastado - entre algo en movemento e outro obxeto
69	42	0,5	72,4	Outro contacto coñecido do grupo 6 non mencionado anteriormente

Dificultades e erros detectados

Análise de frecuencias

71	1882	22,9	95,3	Sobreesforzo físico - sobre o sistema musculoesquelético
72	9	0,1	95,4	Exposición a radiacións, ruído, luz ou presión
73	2	0	95,4	Trauma psíquico
79	121	1,5	96,9	Outro contacto coñecido do grupo 7 non mencionado anteriormente
81	9	0,1	97	Mordeduras, arañazos
82	5	0,1	97,1	Picadura dun insecto, un pez
83	50	0,6	97,7	Golpes, patadas, cabezazos, estrangulamentos, etc
89	19	0,2	97,9	Outros contacto coñecido do grupo 8 non mencionado anteriormente
90	16	0,2	98,1	Infartos, derrames cerebrales e outras patoloxías non traumáticas
99	156	1,9	100	Outros contactos non codificados nesta clasificación
Total	8218	100		

Dificultades e erros detectados

Análise de frecuencias

- Algo semellante á variable anterior, ocorre coa **Descrición da lesión**, os códigos que non nos din nada do accidente (000-Ningunha información, 999-Outros tipos) non parecen ter porcentaxes moi significativas, pero para facer unha comparación, o código doutro tipo de lesións (999) está á vez ao número de accidentes que se describen como “lesións internas” (052) ou ás queimaduras e escaldaduras térmicas (061).
- Outra cousa sospeitosa é que o código 39 sexa o máis frecuente do grupo 30.

Dificultades e erros detectados

Análise de frecuencias

Código	Frecuencia	Porcentaxe	Porcentaxe acumulada	
000	15	,2	,2	Tipo de lesión desconocida o sin especificar
011	850	10,3	10,5	Lesiones superficiales y cuerpos extraños en los ojos
012	794	9,7	20,2	Heridas abiertas
019	1490	18,1	38,3	Otros tipos de heridas y lesiones superficiales
021	394	4,8	43,1	Fracturas cerradas
022	63	,8	43,9	Fracturas abiertas
029	226	2,8	46,6	Otros tipos de fracturas de huesos
031	403	4,9	51,5	Dislocaciones y subluxaciones
032	1578	19,2	70,7	Esguinces y torceduras
039	1769	21,5	92,3	Otros tipos de dislocaciones, esguinces y torceduras

Dificultades e erros detectados

Análise de frecuencias

040	28	,3	92,6	Amputaciones traumáticas, pérdidas de partes del cuerpo
051	16	,2	92,8	Conmoción y lesiones intracraneales
052	113	1,4	94,2	Lesiones internas
059	57	,7	94,9	Otros tipos de conmoción y lesiones internas
061	106	1,3	96,2	Quemaduras y escaldaduras (térmicas)
062	29	,4	96,5	Quemaduras químicas (corrosión)
063	6	,1	96,6	Congelación
069	28	,3	96,9	Otros tipos de quemaduras, escaldaduras y congelación
071	2	,0	96,9	Envenenamientos agudos
072	3	,0	97,0	Infecciones agudas
079	4	,0	97,0	Otros tipos de envenenamientos e infecciones

Dificultades e erros detectados

Análise de frecuencias

089	5	,1	97,1	Otros tipos de ahogamiento y asfixia
101	2	,0	97,1	Calor e insolación
102	5	,1	97,2	Efectos de la radiación no térmica (rayos X, sustancias radioactivas etc.)
109	3	,0	97,2	Otros efectos de las temperaturas extremas, la luz y la radiación
111	1	,0	97,2	Daños psicológicos debidos a agresiones o amenazas
119	4	,0	97,3	Otros tipos de choques (desastres naturales, choque anafiláctico, etc.)
120	93	1,1	98,4	Lesiones múltiples
130	21	,3	98,7	Infartos, derrames cerebrales y otras patologías no traumáticas
999	110	1,3	100,0	Otras lesiones especificadas no incluidas en otros apartados
Total	8218	100,0		

CONTIDO:

- A tramitación dos partes de accidente de traballo (PAT). Normativa de referencia.
- A tramitación dos PAT desde a perspectiva da Autoridade Laboral. Dificultades e erros detectados.
- Mecanismo de mellora de comunicación das EGC e a Autoridade Laboral. Mecanismos para a resolución de dúbidas. Colaboración co Servizo de Estatísticas Laborais do Ministerio de Emprego e Seguridade Social para fixar os criterios de interpretación e mellorar a Guía de tramitación.

Mecanismo de mellora de comunicación das EGC e a Autoridade Laboral. Mecanismos para a resolución de dúbidas.

- Cos SS.CC. en Santiago de Compostela, o Issga exerce a función de validar os partes Delt@, actuando os centros provinciais como Autoridade Laboral Provincial na tramitación.




Mecanismo de mellora de comunicación das EGC e a Autoridade Laboral. Mecanismos para a resolución de dúbidas.

- Desde SS.CC. realízase a coordinación na tramitación dos PAT.
- No caso de que haxa dúbidas, consúltanse con SS.CC.
- Hai ocasións en que o caso presenta **especial dificultade.**


Mecanismo de mellora de comunicación das EGC e a Autoridade Laboral. Mecanismos para a resolución de dúbidas.

- Coas EGC que tramitan maior número de partes e que se mostraron dispostas a colaborar, temos unha canle para axilizar a realización de consultas e tentar aclarar as diferenzas de interpretación:
- Un interlocutor designado para estas comunicacións.



Mecanismo de mellora de comunicación das EGC e a Autoridade Laboral. Mecanismos para a resolución de dúbidas.

- Se o desexan outras E.X.C. poden facer o mesmo.



- Pero...

Mecanismo de mellora de comunicación das EGC e a Autoridade Laboral. Mecanismos para a resolución de dúbidas.

- É necesario ter presente que para **mellorar a calidade dun sistema** e diminuír os erros, ademais da inspección e control dos resultados e a existencia de canles de información entre os elementos do mesmo, é necesario solucionar os erros o máis pronto posible e evitar que cheguen ao final.
- Ou expresado en termos de prevención, **eliminar os riscos (de erros) na orixe.**

Colaboración co Servizo de Estatísticas Laborais do Ministerio de Emprego e Seguridade Social para fixar os criterios de interpretación e mellorar a Guía de tramitación

- Hai anos, antes de de que saíse a primeira *Guía de cumplimentación de los PAT*, puxémonos en contacto co Servizo de Estatísticas Laborais do Ministerio de Emprego e Seguridade Social.
- O motivo era, tanto a procura dunha interpretación uniforme para toda España da codificación dos PAT, como axuda na solución daquelas dúbidas que se nos presentaron **especialmente difíciles** de solucionar.

Colaboración co Servizo de Estatísticas Laborais do Ministerio de Emprego e Seguridade Social para fixar os criterios de interpretación e mellorar a Guía de tramitación.

- **Pola nosa banda,** colaboramos cando se nos pediu a nosa opinión sobre algunhas cuestións relacionadas coa tramitación dos PAT e tamén en relación coa elaboración das *Guías de cumplimentación de los partes de accidentes de trabajo*.
- **Outro exemplo da nosa colaboración** é a presenza hoxe aquí do Xefe de Servizo de Estatísticas Laborais, o cal xentilmente aceptou acompañarnos nesta xornada e presentar o relatorio seguinte.

FIN